

CRITICAS AO PROXECTO DE XESTION DE RESIDUOS SOLIDOS URBANS DA XUNTA DE GALIZA

Miguel Anxo Abreira Sobrado ()*

PROBLEMATICA AMBIENTAL DOS R.S.U.

Os residuos sólidos urbans (R.S.U.) son todos aqueles residuos industriais, domiciliários, hospitalários e mesmo os tóxicos e perigosos que se producen en núcleos de poboación. Estes, se non son adecuadamente tratados, xeneran grandes impactos ambientais, entre os que cómpre destacar:

- Contaminación de augas (pluviais, marítimas, acuíferas, etc...)
- Proliferación de vectores (mosquitos, moscas, pegas, ratas, etc...) que funcionan como propagadores de enfermidades.
- Producción de lixiviados altamente tóxicos.
- Emisión de gases nocivos e produción de cheirume.
- Impacto visual.
- Fonte de incendios forestais.
- Etc...

Na Galiza, según datos do MOPU, no ano 1.986 producironse 654.568 tons. de lixo, das que se incineraron 70.000, foron a vertedeiros controlados 237.000, e os restantes 347.568, a vertedeiros incontrolados. Ademais, hai que ter en conta que a maioría dos vertedeiros "controlados" non cumprian, nen cumpren, a lexislación vixente, pois estaban e están na maioría dos casos en lugares inapropiados e con

procedementos de tapado diário e tratamento de lixiviados inexistente, realizando-se na maioría deles unha queima a ar libre, emitindo, deste xeito, monóxido e dióxido de carbono, dióxido de xofre e nitróxeno, dioxinas e organoclorados, etc...

A situación desde o ano 86 é practicamente a mesma, polo que podemos asegurar que a Galiza se atopa nunha situación pésima en materia de xestión de R.S.U., e moi atrasada, con respecto á media Estatal que no ano de referencia (1986), tan só enviaba a vertedeiros incontrolados o 30'3%, a vertedeiros controlados o 45'3%, realizaba-se compost co 19'3% e incineraba-se o 5'1%.

XESTION DOS R.S.U.

A xestión dos R.S.U. debe contribuir a facer máis racional o tratamento dos mesmos, de xeito que se despilfarran o menor número de recursos posibles. Asimesmo, á hora de xestionar e tratar o lixo, este debe facerse cun tratamento integral, de xeito que prevea a erradicación de todo tipo de vertedeiro inadecuado (sexa municipal, incontrolado ou de outra índole), así como evitar a súa aparición e proliferación. Ademais de ser integral, debe contar cun proceso completo, ben de reciclado ou de outro tipo, e ter en conta os residuos industriais, os tóxicos e perigosos e os hospitalários.

Na elección do proceso de xes-

tión debe primar a racionalidade e non a megalomanía. E dicer, procesos sinxelos poden ser máis axeitados que grandes procesos de "tecnoloxías altamente avanzadas".

Por outra banda, nunha sociedade como a actual, onde o despilfarro de recursos é alarmante, e onde a supervivencia futura da humanidade depende entre, outros moitos factores, da existencia destes recursos naturais e enerxéticos, as institucións non poden optar por fomentar este feito, senón que deben camiñar en busca de tecnoloxías e métodos de aforro (neste caso a reciclaxe do lixo), nun intento de influir na sociedade co propio exemplo.

POR QUE HAI QUE REXEITAR O PROXECTO DE XESTION DE RESIDUOS SOLIDOS URBANS DA XUNTA DE GALIZA

1º.-O proxecto do Plan de Xestión da Xunta de Galiza, polo simple feito de ser o proxecto dun plan, non legisla. E Galiza precisa de lexislación medio ambiental propia, non podendo conformar-se coas directrices da CEE, xa que a nosa nación ao ter unhas características concretas (espallamento da poboación, climato-

loxia, costumes, etc...), necesita unha lexislación medio ambiental concreta, sexa para a atmosfera, para residuos tóxicos e perigosos ou para outra área. Hai que ter en conta que un proxecto pode ser modificado ou paralisado polo simple feito de que se produza o cambio do conselleiro que o propuxo xa que non é de obrigado cumprimento e non necesita pasar polo Parlamento para que sexa modificado.

2º.-O proxecto da Xunta de Galicia non está encamiñado ao aproveitamento dos recursos senón que está ideado desde unha visión megalomaniática, xa que opta por procedementos (tanto na alternativa A, como na B) moi irracionais e custosos, polas súas grandes dimensións de obras e de importación de tecnoloxía.

3º.-Este proxecto despilfarra un gran número de produtos doadamente reciclábeis, como son o cartón, papel e vidro.

4º.-Pretende eliminar o lixo mediante a incineración do mesmo, cru ou desidratado, ou con engadidos alcalinos que producen, tanto nun caso como no outro, emisións de gases tóxicos á atmosfera.

5º.-E un plan incompleto xa que nos dous casos non prevee vertederos das escórias producidas pola incineración.

6º.-Non é un plan integral xa que descoida aspectos tan fundamentais como os lixos tóxicos e perigosos, os escombros e lixos industriais, non dando neste caso solución á súa problemática. Para o tratamento dos lixos hospitalários, pon como solución unha incineradora que vai custar uns 250 millóns de pesetas, sen realizar ningún estudo en profundidade sobre os mesmos, previamente.

7º.-O plan tan só prevee recoller o lixo no 70% da poboación dispersa polo que seguirán aparecendo vertederos incontrolados.

8º.-O proxecto tan só prevee par-

tida orzamental para a erradicación dos vertederos municipais de menos de 30.000 habitantes, esquecendo-se da multitude de incontrolados e clandestinos existentes no país, aos que non lles dá solución, agás a posibilidade de ser incluídos nalgúna partida orzamental de conservación do medio ambiente.

9º.-Tanto no plan A como no B, prevee-se a existencia de vertederos de lixo. No caso A, de tres (A Fonsagrada, Navia de Suarna e Ribeira de Piquín), e no caso B de cinco (A Fonsagrada, Navia de Suarna, Ribeira de Piquín, Verín e Monforte de Lemos). Estes vertederos, polas súas características, non poden ser considerados como sanitarios, xa que non van contar con impermeabilización do terreo, nen tratamento de lixiviados, e incluso, é dubidosa a súa cubrición diaria.

10º.-O plan discrimina a montaña luguesa xa que nas dúas alternativas prevee para esta zona unha inversión totalmente cativa, 15 millóns, mentras que para o resto do país non se escatiman cartos para a realización de obras e a importación de tecnoloxía.

11º.-Nas dúas alternativas elimina a única planta de reciclaxe existente no país, e na alternativa B intenta pasar por plantas de reciclaxe unhas plantas nas que, o único que se vai facer é separar a materia orgánica da inorgánica preparando a primeira (restos de comida, cartóns, papeis, plásticos, etc) para a súa incineración. Tampouco prevee o proceso final do lixo inorgánico (latas, ferros, cerámicas, vidro, etc...).

12º.-Prevee que os concellos sexan os encargados da recollida do lixo, sen ningún tipo de axuda aos de poboación dispersa, producindo-se así un prezo de recollida máis alto no mundo rural. Iste feito vai axudar a que os concellos pequenos e de poboación dispersa non tomen a ini-

ciativa de impoñer a recollida á totalidade da poboación, por ser unha medida impopular, por non ser o plan de obrigado cumprimento e por non abaratar custes aos concellos.

A ALTERNATIVA

A sociedade ten que apostar pola reciclaxe total do lixo, agás do que tecnoloxicamente non sexa reciclábel ou supoña un perigo para a poboación. É imprescindible crear unha lexislación medioambiental propia ou como mínimo adecuar a Española e a Comunitaria á realidade galega sen que isto supoña, en ningún dos casos unha rebaixa nas exixencias.

-Hai que apostar por unha reciclaxe na orixe, coa separación dos distintos materiais polos propios produtores.

-Tamén hai que ser conscientes de que, como paso previo, é necesario realizar campañas informativas, propagandísticas e formativas en todos os eidos da sociedade (ensino, lugar de traballo, etc.), así como por plantas de reciclaxe de apoio que, empregando métodos manuais, de cribado, electromagnéticos, etc., consigan a reciclaxe da totalidade do lixo domiciliario e industrial.

-É imprescindible dar o tratamento de incineración axeitado aos lixos clínicos e hospitalarios non asimilábeis aos domésticos (infectuosos), mediante métodos tecnolóxicos que non supoñan un ataque ao medio ambiente e elimine riscos inúteis.

-Hai que apoiar económica e materialmente a recollida nos concellos que, polas súas características, se estean vendo obrigados a non facer unha recollida axeitada e a gravar con taxas moi elevadas as economías domésticas.

(*Miguel Anxo Abreira Sobrado é Técnico Especialista de Medio Ambiente polo C.E.I. de Xixón (Asturias)